

## COFRADIA DE PERCADORES DE BURELA SAN JUAN BAUTISTA

### RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

ORDE do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P).

Expediente: PE209P-2025-00012

Examinadas as actas da comisión de avaliación, a documentación achegada no seu caso na fase de emenda, así como a proposta de resolución formulada pola presidenta da dita comisión, apreciáronse os seguintes

#### FEITOS:

Primeiro.- O 21/05/2025 a entidade COFRADIA DE PERCADORES DE BURELA SAN JUAN BAUTISTA con G27008515 presentou solicitude de axuda para o proxecto: "PROXECTO COLECTIVO DE XESTIÓN DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE BURELA E SAN CIBRAO 2025-2026".

Ao abeiro do establecido nos apartados 11, 12 e 13 da Orde do 9 de abril citada, a solicitude, xunto coa documentación que a acompaña, foi cualificada, en canto a prazo e forma, como admitida.

Segundo.- As entidades solicitantes admitidas, valoradas e para as cales se propón a concesión da axuda, cumpren os requisitos establecidos na orde de convocatoria e nas súas bases reguladoras para ser beneficiarias da axuda.

Terceiro.- Feita a correspondente valoración pola comisión avaliadora, a presidenta da comisión formulou a proposta de aprobación ao órgano concedente para os beneficiarios, proxectos, conceptos e importes correspondentes.

Cuarto.- De acordo co disposto no artigo 5 das bases reguladoras, as entidades propostas como beneficiarias de axuda están ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, non son debedoras por resolución de procedencia de reintegro e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Existe crédito suficiente e axeitado para a concesión da subvención nas aplicacións 16.03.723A.770.1 e 16.03.723A.781.0, código de proxecto 2023 00180, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025 con cargo aos cales se propuxo a fiscalización de conformidade cos correspondentes documentos contables do compromiso do gasto. Así mesmo, non se superan os límites establecidos no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Na tramitación desde expediente, ademais da Orde do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrència competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P), tívose en conta o disposto, entre outras, nas normas seguintes:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.
- Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
- Programa FEMPA aprobado pola Decisión da Comisión de aprobación do Programa FEMPA en España (CCI 2021ES14MFPR001) o 29 de novembro de 2022.
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión Europea, polo que se modifican os Regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Criterios de selección para a concesión de axudas do Programa do FEMPA (documento consolidado xuño 2023).
- Documento (DECA) ao que se fai referencia no artigo 73.3. do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021
- Calquera outra norma da Unión Europea, normativa nacional ou autonómica vixente que poida resultar de aplicación.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos,

## RESOLVO

**CONCEDER** unha axuda para proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable, cos requisitos e nas condicións que se indican mais adiante:

### I. Requisitos específicos relativos aos produtos e servizos:

|                       |                                                                                                                                        |
|-----------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Denominación</b>   | PROXECTO COLECTIVO DE XESTIÓN DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE BURELA E SAN CIBRAO 2025-2026                                            |
| <b>N ° Expediente</b> | PE209P-2025-00012                                                                                                                      |
| <b>Identificación</b> | Programa para España CCI 2021ES14MFPR001                                                                                               |
|                       | Prioridade 1- Fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos                           |
|                       | O.E. 1.1- Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables.                                |
|                       | Medida 1.1.1. - Xestión sustentable dos recursos pesqueiros. Fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos |



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

|                                     |                                                                                                                                          |                        |
|-------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|
| <b>Convocatoria de axuda</b>        | 2025. Orde do 9 de abril de 2025                                                                                                         |                        |
| <b>Organismo Intermedio Xestión</b> | Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro                                                                                             |                        |
| <b>Obxectivo</b>                    | Reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable |                        |
| <b>Ubicación da operación</b>       | <b>Concello:</b> Burela                                                                                                                  | <b>Provincia:</b> Lugo |

## II. Plan financeiro:

|                                          |                            |                                 |                  |
|------------------------------------------|----------------------------|---------------------------------|------------------|
| <b>Importe total do proxecto</b>         | 72.714,00 €                |                                 |                  |
| <b>Importe solicitado subvencionable</b> | 72.714,00 €                | <b>Porcentaxe da subvención</b> | 100%             |
| <b>Importe público</b>                   | <b>Total subvencionado</b> | <b>FEMPA (70%)</b>              | <b>C.A.(30%)</b> |
|                                          | 72.714,00 €                | 50.899,80 €                     | 21.814,20 €      |
| <b>Importe privado</b>                   | 0,00 €                     |                                 |                  |

## III. Conceptos subvencionables

### Anualidade 2025

| Concepto                                          | Importe orzamentado | Importe subvencionable | Importe subvencionado | Motivo minoración ou non subvención |
|---------------------------------------------------|---------------------|------------------------|-----------------------|-------------------------------------|
| <b>Asistencia técnica</b>                         |                     |                        |                       |                                     |
| 1AT 6M                                            | 15.444,00 €         | 15.444,00 €            | 15.444,00 €           |                                     |
| <b>Vixilancia</b>                                 |                     |                        |                       |                                     |
| 2VIX 6M                                           | 20.592,00 €         | 20.592,00 €            | 20.592,00 €           |                                     |
| <b>Material</b>                                   |                     |                        |                       |                                     |
| Xeolocalización (Servizo administración sistemas) | 321,00 €            | 321,00 €               | 321,00 €              |                                     |



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

|              |                    |                    |                    |  |
|--------------|--------------------|--------------------|--------------------|--|
| <b>TOTAL</b> | <b>36.357,00 €</b> | <b>36.357,00 €</b> | <b>36.357,00 €</b> |  |
|--------------|--------------------|--------------------|--------------------|--|

#### Anualidade 2026

| Concepto                                             | Importe<br>orxamentado | Importe<br>subvencionabl<br>e | Importe<br>subvencionad<br>o | Motivo minoración ou<br>non subvención |
|------------------------------------------------------|------------------------|-------------------------------|------------------------------|----------------------------------------|
| <b>Asistencia técnica</b>                            |                        |                               |                              |                                        |
| 1AT 6M                                               | 15.444,00 €            | 15.444,00 €                   | 15.444,00 €                  |                                        |
| <b>Vixilancia</b>                                    |                        |                               |                              |                                        |
| 2VIX 6M                                              | 20.592,00 €            | 20.592,00 €                   | 20.592,00 €                  |                                        |
| <b>Material</b>                                      |                        |                               |                              |                                        |
| Xeolocalización (Servizo<br>administración sistemas) | 321,00 €               | 321,00 €                      | 321,00 €                     |                                        |
| <b>TOTAL</b>                                         | <b>36.357,00 €</b>     | <b>36.357,00 €</b>            | <b>36.357,00 €</b>           |                                        |

**Prazo de execución do proxecto:** Dende o 1 de xullo de 2025 ata o 30 de xuño de 2026.

**Prazo de xustificación do terceiro trimestre 2025:** ata o 31 de outubro de 2025

**Prazo de xustificación do cuarto trimestre 2025:** ata o 10 de decembro, inclusive, de cada anualidade. Non obstante, no caso de que as accións obxecto de subvención sexan de realización periódica e sucesiva, correspondan ao último trimestre do exercicio e/ou supoñan gastos de persoal, obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que non se poidan facer efectivos na data límite de xustificación, eses gastos poderanse xustificar no primeiro trimestre do exercicio seguinte.

**Prazo de xustificación do primeiro trimestre 2026:** ata o 30 de abril de 2026

**Prazo de xustificación do cuarto trimestre 2026:** ata o 31 de xullo de 2026

#### OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas sinaladas no artigo 5 das bases reguladoras e especialmente as obrigas derivadas do financiamento polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA):

Aportar e actualizar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións concedidas, incluídos os datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa e dar así cumprimento ao artigo 42 do Regulamento (UE) 2021/1030 e ao artigo 46 do



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Regulamento (UE) n.º 2021/1139, someténdose ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como aos órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.

Cumprir as condicións de admisión da solicitude establecidas no apartado 1, letras a) e b), e apartado 3 do artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139, durante todo o período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final á entidade beneficiaria.

No caso de incumprimento neste período, recuperarase a axuda concedida de conformidade co artigo 44 do Regulamento (UE) 2021/1139 e o artigo 103 do Regulamento (UE) 2021/1060.

No caso de detectarse infraccións ou fraudes en controis posteriores á concesión da axuda, recuperarase a axuda concedida de conformidade co Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046.

Levar rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, de conformidade co artigo 74.1.a).i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados, para o caso de reembolso de custes, consonte ao artigo 53, apartado 1, letra a) (custes reais).

Asegurarse de que todos os documentos xustificativos relacionados coas operacións que reciban axuda se conserven a nivel adecuado durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano no que se efectúe o derradeiro pagamento á entidade beneficiaria. Esta documentación deberá poñerse a disposición do organismo concedente da axuda.

Os rexistros e documentos conservaranse, ben en forma de orixinais, ben en forma de copias de orixinais, ben en soportes de datos comunmente aceptados, entre eles versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes só en versión electrónica. Cando existan versións electrónicas, non serán necesarios orixinais, se ditos documentos cumpren cos requisitos legais para poder ser considerados equivalentes a orixinais e fiables para os efectos de auditoría.

Dar a coñecer a axuda prestada polos fondos á operación, de conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, para o cal:

1º. Se a entidade beneficiaria dispón de web ou contas en redes sociais, realizarán unha breve descrición da operación en relación co nivel de axuda, dos seus obxectivos e resultados, e destacarán a axuda financeira da UE.

2º. Nos documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación, destinados ao público ou participantes, incluírán unha declaración que destaque a axuda da UE de maneira visible.

3º. No caso de operacións que teñan un custo total superior a 100.000 euros, instalarán placas ou valos publicitarios en lugares ben visibles ao público, nas que apareza o emblema da UE, de conformidade coas características técnicas que figuran no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1061, tan pronto como comece a execución física da operación que implique investimento físico ou na que se instalen equipos adquiridos.

4º. Para operacións non incluídas no apartado 3.º, exhibirán nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información sobre la operación



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

destacando a axuda do FEMPA. Cando o beneficiario/a sexa unha persoa física, na medida do posible, destacará a axuda do FEMPA nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

En calquera actuación, incluírán, así mesmo, o logotipo da Xunta de Galicia.

O emblema da Unión Europea empregarase de conformidade co anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1061 cando se realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación.

Facer mención á orixe do financiamento e velar por darlle visibilidade, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público en xeral, de conformidade co artigo 60 do Regulamento (UE) 2021/1139.

Conservar o rexistro documental e gráfico que avale o cumprimento das obrigas de comunicación e visibilidade, que estará a disposición das autoridades do Programa e da Comisión Europea.

Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cumprir coa normativa comunitaria, nacional e rexional vixente segundo a normativa sectorial que resulte de aplicación.

Respectar a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Ter en conta a promoción e igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación. Evitar calquera discriminación por razón de xénero, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual e ter en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade, de ser o caso.

Aportar e actualizar a información relativa ao proxecto. Por elo, en consonancia co artigo 47 do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, (en diante RFEMPA), as entidades beneficiarias notificarán os valores dos indicadores de resultados pertinentes, unha vez finalizada a operación e, como máis tarde, con ocasión da solicitude do derradeiro pagamento.

Colaborar coas distintas autoridades implicadas na xestión e o seguimento do FEMPA.

Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de proxectos conxuntos, ratificar ante o órgano de xestión o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

Organizar unha xornada informativa, polo menos, para divulgar o proxecto subvencionado. O lugar e hora de realización da xornada deberá ser comunicado, cunha antelación mínima dunha semana.

Cumprimentar un cuadrante individual para cada traballador/a, e o rexistro horario segundo o modelo R dispoñíbe na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/>), en relación ás tarefas obxecto desta subvención, onde se especificarán as tarefas concretas desenvolvidas, as horas traballadas efectivamente na xornada, as horas diarias adicadas a cada tarefa, así como posibles



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

incidencias que puideran ocorrer na xornada en relación a tarefas subvencionadas. Tal cuadrante deberá estar asinado polo/a traballador/a co visto e prace da persoa responsable da entidade beneficiaria. Estes cuadrantes estarán á disposición das unidades da Consellería do Mar que interveñen na xestión e control destas axudas, que os poderá consultar en calquera momento ou solicitar a súa remisión.

Manter, nun formato exportable, un rexistro diario do sistema de posicionamento xeográfico de todos os efectivos de vixilancia subvencionados.

No caso de que a entidade teña a condición de poder adxudicador, de conformidade ao establecido no apartado d) do punto 3 do artigo 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, deberá respectar nas actuacións que realice obxecto de subvención o disposto na citada lei.

## CONDICIÓN DE CUMPRIMENTO E XUSTIFICACIÓN:

1.- Os beneficiarios quedan obrigados á realización do sinalado nos puntos 1 e 2 do artigo 5 da Orde do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convoca as axudas para o ano 2025. No entanto, as operacións non se seleccionarán para recibir axuda do FEMPA se concluíron materialmente ou se executaron integramente antes de que o beneficiario presente a solicitude de axuda.

2.- O proxecto poderá desenvolverse por fases susceptibles de produciren efectos independentes, facéndose constar de xeito expreso e describirase cada unha delas por separado. En todo caso, cada anualidade deberá constituír unha fase susceptible de producir efectos independentes.

A xustificación da execución dos proxectos subvencionados deberá realizarse consonte o esixido no artigo 26 da orde.

Poderán presentarse xustificacións parciais a medida que se vaian executando as accións. O importe conxunto dos pagamentos parciais e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen, non poderá superar o 80 % do total da subvención concedida nin superar o importe da correspondente anualidade, e quedarán condicionados á efectiva realización completa do proxecto e á liquidación definitiva da subvención. Non se considerará que un pagamento é parcial cando comprenda a totalidade da subvención correspondente a unha fase do proxecto susceptible de producir efectos independentes, sempre que así se recolla expresamente na resolución de concesión.

Os gastos do terceiro trimestre 2025 deberán xustificarse ata o 31 de outubro de 2025; os gastos do cuarto trimestre do 2025 ata o 10 de decembro, inclusive, de cada anualidade. Non obstante, no caso de que as accións obxecto de subvención sexan de realización periódica e sucesiva, correspondan ao último trimestre do exercicio e/ou supoñan gastos de persoal, obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que non se poidan facer efectivos na data límite de xustificación, eses gastos poderanse xustificar no primeiro trimestre do exercicio seguinte; os gastos do primeiro trimestre 2026 ata o 30 de abril de 2026 e os gastos do cuarto trimestre 2026 ata o 31 de xullo de 2026.

3.- Deberán manterse a disposición da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo os documentos xustificativos relativos aos gastos subvencionados, conforme ao establecido no artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013, del Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013.

4.- Os beneficiarios deberán cumprir en calquera caso as obrigas e condicións que con carácter xeral se establecen no Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo,



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, no Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, modificado polo Regulamento (UE Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da UE, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta última, así como todas as establecidas na Orde do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2025.

5.- Comunicarase ó Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) os feitos que podan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, a través do seu canal de denuncia: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-es/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>

6.- As fundacións, asociacións, e en xeral, todas as persoas xurídicas, os fideicomisos tipo trust e entidades ou estruturas sen personalidade xurídica análogas aos trust deberán cumprir coas obrigas de declaración e actualización de información e identificación de titulares reais previstas no Real decreto 609/2023, do 11 de xullo, polo que se crea o Rexistro Central de Titularidades Reais, así como no seu Regulamento de desenvolvemento (artigo 1.4). A realización de trámites respecto do Rexistro Central de Titulares Reais, a través de internet, farase mediante o seguinte enlace: <https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/tramites/registro-central titularidades-reales>.

7.- A entidade beneficiaria da axuda comprométese a aceptar todas as condicións establecidas na presente resolución de concesión da axuda. Así mesmo, a aceptación da axuda implica a autorización da inclusión da operación subvencionada na lista de operacións seleccionadas para recibir axudas do FEMPA, consonte ao sinalado no artigo 49, apartados 3 e 5, do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

8.- Esta resolución incorpora o contido do documento (DECA) ao que se fai referencia no artigo 73.3. do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, garantindo, polo tanto, coa notificación da presente resolución a comunicación á entidade beneficiaria do contido de dito precepto.

9.- No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, os interesados deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme ao anexo V da orde. De non facelo, entenderase tacitamente aceptada.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á dita notificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A conselleira do Mar



*Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027 [Prioridade 1 - OE1.6 - medida 161]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro*

P.D. Orde 21.02.2022 (DOG nº 41 do 01.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

